



CIRCULAR INFORMATIVA 7/2024

1. RENOVACIÓN DA PÓLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

Anualidade do 01.07.2024 a 30.06.2025

Subvencionada polo Colexio con 100.000 € por anualidade

O vindeiro 30.06.2024 ás 24 h vence a póliza do seguro de responsabilidade civil contratada por este colexio como tomador coa aseguradora Allianz para cubrir a responsabilidade civil dos nosos colexiados e colexiadas.

Para esta próxima anualidade (01.07.2024 a 30.06.2025) **vaise manter a prima do exercicio anterior**, isto é, unha prima anual por colexiado de 362 euros, sobre a que se aplicará a subvención do Colexio duns 150 euros aprox. por colexiado asegurado ao ano.

Condições da póliza:

- **Aseguradora: Allianz (corretoría Aon)**
- **Límite asegurado: 450.000 €**
- **Prima anual: 362 € anuais por colexiado/a asegurado/a, dos cales o Colexio pagará 150 € aprox.**

As condicións e coberturas son as mesmas que na anualidade anterior.

— **Consulta da póliza**

A póliza está ao dispor das colexiadas e colexiados na web do colexio: Servizos ao colexiado/a > Oficina virtual > Seguro de responsabilidade civil.

— **Subvención do Colexio**

Como nos anteriores exercicios, o Colexio subvenciona esta póliza con 100.000 euros por anualidade, importe que se repartirá entre todos os colexiados e colexiadas aseguradas.

A prima final resultante (unha vez aplicada a subvención) cobrarase en dous prazos (por semestres).

— **Franquía. Establécese unha franquía gradual:**

- 500 € os dous primeiros sinistros/anualidade
- 1.500 € terceiro sinistro e seguintes

— **Solicitudes de BAIXA: deben solicitarse antes do 20.06.2024**

Os colexiados que figuran de alta na póliza da anualidade anterior e non teñan interese na súa renovación **deberán solicitar a súa baixa expresamente por escrito** e remitila á secretaría deste colexio **antes do 20 de xuño ás 14.00 h.** O escrito da baixa deberá asinarse dixitalmente e poderá remitirse ao seguinte correo electrónico: contabilidade@icasantiago.org.



CIRCULAR INFORMATIVA 7/2024

Os colexiados que durante a última anualidade causaron baixa no Colexio e aínda figuran de alta nesta póliza serán dados de baixa automaticamente o día 30.06.2024.

No caso dos colexiados exercentes asegurados que durante a última anualidade **pasaron á situación de colexiados non exercentes**, seguirán dados de alta na póliza se non solicitan a súa baixa expresa antes do 20.06.2024.

— Solicitudes de ALTA (só novas altas)

Os colexiados **que aínda non figuran de alta** (novas altas) dispoñen tamén dun prazo **ata o 20 de xuño ás 14.00 h** para solicitar por escrito a súa incorporación á dita póliza, que terá efectos a partir do 01.07.2024.

Os colexiados **que xa figuran dados de alta** na póliza anterior pasarán **automaticamente** á nova, **salvo que comuniquen a súa baixa por escrito antes do 20 de xuño ás 14.00 h**.

— Obrigatoriedade

Lembrámosvos que esta póliza do seguro de responsabilidade civil (ou outra similar contratada de forma particular) só é obrigatoria para os letrados que figuran de alta no servizo de asistencia a persoas detidas, na quenda de oficio e nos servizos de mediación deste colexio.

— Ampliacións ou segundas capas

Os colexiados asegurados que teñan contratadas de forma particular ampliacións de cobertura ou segundas capas serán contactados polo mediador Aon para negociar a renovación das ditas ampliacións.

Para resolver calquera dúbida ou ampliar a información, poderase contactar coa secretaría técnica do colexio (Manuel Arza).